



Torre da Moa de 214 m.

ROTA TURÍSTICA POLO CONCELLO DE LAXE

Laxe - Cabanas - Castrelo - As Casas Novas - Cruz do Furco - Cuiña - Traba - As Melgueiras - A Costa - Dolmen de la Torre da Moa - Torre da Moa - Biqueira - Vadalama - Señoráns - Batáns do Mosquetín - Rens - O Aprazadoiro - Dolmen da Fornela - Gundar - Alto do Aprazadoiro (O Castelo) - Cruz do Furco - Castrelo - Laxe

Punto de partida:

Laxe.

Lugar de chegada:

O mesmo (itinerario circular).

Distancia:

30,2 km.

Duración:

En bicicleta de montaña 6 horas e en coche 3 horas, máis o tempo de parada nas visitas.

Dificultade:

Media-Alta en B.T.T.

Cartografía:

Mapa 43-IV de Laxe - 43-III de Camelle - 68-I de Camariñas - 68-II de Zas, esc. 1/25.000 del I.G.N. (Instituto Geográfico Nacional).

Observacións:

Este itinerario, ideal para facelo en bicicleta de montaña ou en coche, lévanos polo interior do Concello de Laxe para coñecer algúns pobos con encanto: as súas igrexas, casas blasonadas, cabaços, muiños de auga,... Tamén fai varias paradas para visitar a pé algúns lugares de interese natural, histórico ou panorámico como o dolmen de Traba, a Torre da Moa, Mosquetín, dolmen de Fornela e o Alto de Aprazadoiro.

Acompañamos un rutómetro do itinerario, indicando, cruce a cruce, cara onde hai que dirixirse e o que se pode visitar.

Si se realiza o percorrido no coche, hai un tramo ó final do sendeiro, baixando de O Castelo, con firme de terra en mal estado. Aconsellable un vehículo todoterreo.



Roteiro

Roteiro turístico polo Concello de Laxe.














Croquis	km	msnm	Descrición
	0	5	Laxe. Casa do Concello. Avda Cesáreo Pondal, nº 26 Sair en dirección cara á Avenida Isidro Parga Pondal.
	0,495	20	Stop. Subir cara a dereita pola Avda. Isidro Parga Pondal.
	0,838	26	Redonda. Sair de Laxe en dirección cara Camariñas pola AC-433.
	2,31	39	Igrexa de Santa María de Serantes. Enfronte vemos Transfontáns e o Castelo de Lourido (Rota 5). Seguir dirección Camariñas.
	3,27	72	Castrelo. Seguir cara a dereita en dirección Camariñas.
	3,77	62	As Casas Novas (Pazo de Leis). Cruce coa estrada da Praia de Soesto. Seguir con dirección Camariñas.
	5,29	141	Deixamos a estrada de Camariñas e imos cara a dereita, en dirección Boaña pola AC-434.
	6,30	112	Cuiña. Seguir baixando ata Traba. Á esquerda vemos A Torre da Moa.
	6,86	71	Vemos a praia de Traba. Deixamos a estrada a Boaña para baixar cara a esquerda ata Traba.
	7,02	28	Preto dun aserradoiro, virar cara a esquerda, en dirección á Igrexa de Traba.
	7,46	15	Campos de Cultivo. Segundo Cruce. Á dereita está a Igrexa de Traba e o camposanto. Baixar recto, en dirección Mórdomo.
















Dolmen megalítico de Fornela dos Mouros en Aprazadoiro.



Obsérvanse amplas vistas de Traba e Laxe, así coma do interior do Concello, dende O Castelo no Alto de Aprazadoiro.

	7,67	10	Virar cara a esquerda, en dirección As Melgueiras. Subir baixo o cabazo cara a escola.
	7,88	24	Subir cara a dereita unha rampa forte, logo cara a esquerda e despois, outra vez cara a dereita, Preto do bar-tenda Casa Ubaldino. Seguir subindo pola rúa cementada a rentes dun cabazo.
	8,12	57	Preto das escolas de As Melgueiras saímos á estrada AC-433 e seguimos cara a dereita, en dirección Camariñas.
	8,28	67	Preto do Bar Costa Brava, deixamos a estrada para subir, cara a esquerda, en dirección á Torre da Moa.
	9,37	186	Á dereita, a uns 100 metros, atópase o Dolmen da Torre da Moa. Visita a pé. Monumento Megalítico (2500-2000 a. de C.).
	10	170	Saltamos unha lomba e ó chegar á balsa, no campo do Bañal, subimos a pé polo camiño que sae á dereita, en dirección á Torre da Moa.
	10,4	201	Antes de que o camiño comece a baixar, deixar éste e subir cara a dereita por unha senda en dirección á Torre da Moa, que vemos arriba. (Frecha amarela). A ascensión, con precaución, pode facerse, pola esquerda, sorteando os bloques pola zona máis evidente.
	10,7	274	Torre da Moa (Bloque granítico en equilibrio). Vistas de Traba, Torre Forcada e Rascabolos.
	11,5	170	Descendemos de novo ó asfalto e seguimos, cara a dereita, en dirección Biqueira.
	11,6	196	Cruce baixo o monte Redondo. Subir recto e baixar ata Biqueira (cultivos e eucaliptos).
	13,6	184	1ª Finca de Biqueira. Seguir baixando.
	13,8	175	Biqueira. Baixar cara a dereita. Cultivos.
	13,9	170	Seguir recto, polo piñeiral, ata Vadalama.

	14,1	167	Sen deixar o asfalto, baixar ata Vadalama no río Grande.
	14,2	161	Río Grande e estación de bombeo de auga a Laxe. Fervoso entorno entre cabalos. Vadalama significa "Val da Lama".
	14,3	167	Regresando polo asfalto, collemos o primeiro camiño cara a dereita, entre valados, ata Señoráns.
	14,5	158	Seguimos o asfalto cara a dereita, en dirección a Señoráns.
	14,8	166	Cruce con Torelo-Vimianzo (AC-552). Cultivos. Seguir recto ata Señoráns.
	15,1	176	Señoráns. Seguir cara a esquerda no cruce. Cabazos.
	15,4	174	Cruce de Señoráns ós Batáns de Mosquetín. Campos de Cultivo.
	16,4	166	Piscifactoría do Mosquetín. Seguir a estrada.
	16,7	167	Batáns do Mosquetín. Muiños do século XVIII. Pensión rural e comidas por encargo (Telf. 981 731 456).
	18	174	Regresamos ó cruce de Señoráns e seguimos cara a dereita en dirección Rens.
	18,7	159	Rens. Seguir en dirección Gundar.
	19,5	173	Preto da Capela Nova subir cara a esquerda, en dirección Aprazadoiro.
	19,7	175	Primeiro cruce cara a dereita de subida ata Aprazadoiro.

	19,9	182	Preto da antiga Capela de San Antón, subir cara a esquerda e logo a primeira cara a dereita pola rúa de arriba ata un cabazo. Subida a pé ata o Dolmen de Fornela.
	20,2	202	Vemos enfrente o Monte Redondo, virar cara a dereita, bordeando os eucaliptos.
	20,5	219	Dolmen da Fornela dos Mouros. Monumento Megalítico de 2500-2000 a. de C.
	20,9	182	Baixar de novo a Aprazadoiro. Seguir cara a esquerda e segunda rúa cara a dereita entre dous cabazos.
	21	175	Cara a dereita nas rúas de Aprazadoiro.
	21,1	170	Saír cara a esquerda á estrada. Cara a esquerda dirección Gundar.
	22,2	184	Gundar. Rampa de subida. Seguir ata o cruce de Coéns.
	22,8	211	Sen chegar ó cruce, deixar a estrada que retorna a Laxe, e subir cara a esquerda, en dirección ó repetidor de O Castelo.
	23,4	266	Pasamos preto dos depósitos de auga e acaba o asfalto. Seguir polo camiño de terra.
	23,8	306	Repetidor da Goa (O Castelo ou Alto de Aprazadoiro). Vista da Torre da Moa, Rascabolos, Camelle, Traba, Soesto, Laxe e Corme.
	24,1	291	Comeza a baixada, en dirección ó parque eólico de Vimianzo. Cruce cara a dereita por camiño pedregoso, só para B.T.T. e vehículo todoterreo.
	25,2	170	Saímos ó asfalto no cruce coa Cruz do Furco. Baixar cara a dereita, pola estrada que coñecemos, en dirección Laxe.
	30,2	5	Laxe. Fin do roteiro.



Igrexa de Santiago de Traba do século XII.



Pequeno cabazo de Señoráns.



Cemiterio preto da Igrexa de Santa María de Serantes.



Cazoletas no granito da Torre da Moa, con vistas a Traba.

Batáns de Mosquetín. Século XVIII, preto do río Grande.

